

A COLA DA VIDA

## Consensos educativos

10.10.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A política con maiúsculas toca os temas que nos afectan a todos ao longo de toda a nosa vida polo que debe escribirse para longos períodos. E a educación é un deses grandes temas. Por iso, chegar a acordos previos entre partidos nos que se acorden os criterios que se deberán manter goberne quen gobernar é algo ao que calquera país se debe someter. Un caso paradigmático foi a Lei de Educación de Ferry (1882), na que se estableceron os preceptos de obrigatoriedade, gratuidade e laicidade, que aínda hoxe se manteñen en vigor para todos os gobernos do Estado francés.

Falar de regras estables non é avogar polo inmovilismo do sistema, máxime tendo en conta que a escola ten que estar sempre acorde coa sociedade que a instrumentaliza, senón soamente que se manteña unha coherencia perdurable e que non todo quede a expensas de ideoloxías partidistas que destrúan o xa construído e asentado.

A este territorio parecen querer adscribirse agora os dous grandes partidos españois, e logo incorporar ás demais formacións parlamentarias. No entanto, as prácticas cotiás de ambas as dúas organizacións políticas fan ver este ámbito máis como un terreo escorregadizo que como un lugar para o encontro. A xeito de exemplo baste dicir que o para que un debe ser unha escola totalmente laica, para outro, a escola debe ser un espazo impregnado de cultura relixiosa, algo que non preconizan para os ámbitos sanitario ou dos sevizos sociais, aínda que noutros tempos estivesen moi mediatizados polas prácticas relixiosas. Ou o que para un ten que ser unha escola maioritariamente pública, para outro, a liberdade de elección dos pais debe primar e, polo tanto, a Administración estará obrigada a establecer concertos con todo tipo de escolas.

Ademais, a España autonómica fará que se enfronten a outros problemas non menos complexos. Cuestións que van desde os contidos educativos ata os seus procesos de transmisión, e non estou apuntando aquí só o tema dos idiomas senón tamén dos novos formatos do TIC ou da valoración da utilidade determinadas aprendizaxes, entre outros.

Arduo traballo os agarda, polo que non estará de máis desexarlles ánimo e sorte para que poñan en marcha un modelo transpartidista e coherente coas necesidades e as prioridades dos cidadáns.